

cas só poderán facerse por medio de disposición xeral publicada no BOE ou diario oficial correspondente, e establécense no seu punto segundo as indicacións concretas que deben constar nas disposicións de creación e modificación daqueles.

Para dar cumprimento a este precepto publicouse a Orde do 15 de abril de 2009 pola que se regulan os ficheiros de datos de carácter persoal existentes na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG nº 80, do 27 de abril). A evolución da actividade administrativa supuxo a modificación dun dos ficheiros detallados no anexo I, o que obriga, conforme a citada Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, á modificación da Orde do 15 de abril de 2009.

En consecuencia, en virtude das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

O obxecto desta orde é modificar o ficheiro de carácter persoal que se especifica no anexo.

Artigo 2º.-*Contido.*

A información exixida no artigo 20 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, e no artigo 54 do seu regulamento asociado, o Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, para as disposicións de modificación de ficheiros, está contida no anexo desta orde.

Artigo 3º.-*Finalidade e uso do ficheiro.*

Os datos de carácter persoal incluídos no ficheiro da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria modificado por esta orde só serán utilizados para os fins expresamente previstos e declarados no anexo e polo persoal debidamente autorizado.

Artigo 4º.-*Cesión de datos.*

Os datos só poderán ser cedidos nos supostos expresamente previstos pola lei e os detallados no anexo. No suposto de cesión de datos ás administracións públicas haberá que aterse ao disposto na normativa vixente respecto a esta materia.

Artigo 5º.-*Órgano responsable da seguridade dos ficheiros.*

A responsabilidade sobre os ficheiros automatizados modificados por esta orde correspóndelle á Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

No anexo detállase a unidade ante a que se exercerán os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos datos que constan no ficheiro.

Artigo 6º.-*Nivel de protección e medidas de seguridade.*

O ficheiro modificado por esta orde atópase clasificado atendendo ao disposto no artigo 80 e seguintes do Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro. No anexo aparece a clasificación (nivel alto) do ficheiro modificado por esta orde.

O titular do órgano responsable deste ficheiro adoptará as medidas técnicas, de xestión e organiza-

ción que sexan necesarias para asegurar a confidencialidade e integridade dos datos, así como as condutas a facer efectivas as garantías, obrigas e dereitos recoñecidos na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, e nas súas normas de desenvolvemento.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de abril de 2010.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO

Denominación do ficheiro	Alumnos de ensinanza regrada non universitaria
Descrición da súa finalidade e usos previstos	Realización do proceso selectivo inicial, xestión dos datos académicos dos alumnos e realización de consultas relativas á impartición de ensinanzas e sobre actuacións educativas en xeral
Colectivos sobre os que se pretenden obter datos ou que resulten obrigados a subministralos	Persoas que acadaron a condición de alumno da ensinanza regrada non universitaria
Procedemento de recollida de datos	Documental a través das instancias realizadas polos interesados e das consultas
Procedencia dos datos	O propio interesado ou o seu representante legal; administracións públicas
Estrutura básica do ficheiro Tipos de datos de carácter persoal (categorías de datos)	Datos de carácter identificativo: DNI/NIF, nome, apelidos, enderezo (postal/electrónico), teléfono, teléfono móbil; representante legal; datos relativos de saúde; datos obtidos nas consultas Datos académicos e profesionais
Sistema de tratamento	Mixto
Comunicacións ou cesións de datos	Ministerio de Educación
Transferencias internacionais de datos a países terceiros	Non se prevén
Órgano responsable do ficheiro	Secretaría Xeral
Servizos ou unidades ante os que poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición	Secretaría Xeral Edificio administrativo San Caetano, s/n, bloque 3-2 15781 Santiago de Compostela
Nivel do ficheiro	Alto

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

Corrección de erros.-Orde do 14 de abril de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a asociacións, fundacións e entidades culturais sen ánimo de lucro para o equipamento e mellora dos seus locais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010, co cofinanciamento de fondos Feder.

Advertido erro na devandita orde, publicada no DOG nº 84, do mércores 5 de maio de 2010, cómpre efectuar a oportuna corrección:

Nas páxinas 7.707 e 7.708 os anexos publicados deben substituírse polos seguintes:



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE CULTURA
 E TURISMO

ANEXO I

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS A ASOCIACIÓNS, FUNDACIÓNS E ENTIDADES CULTURAIS SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O EQUIPAMENTO E MELLORA DOS SEUS LOCAIS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO CT211A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

1.- DATOS DO/A SOLICITANTE

ENTIDADE		CIF / NIF	
<input type="text"/>			
ENDEREZO			
<input type="text"/>			
PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
ENDEREZO ELECTRÓNICO		TELÉFONO	FAX
<input type="text"/>		<input type="text"/>	<input type="text"/>

2.- DATOS DO/A REPRESENTANTE

APELIDO 1	APELIDO 2	NOME	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
ENDEREZO		PROVINCIA	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
CONCELLO	ENDEREZO ELECTRÓNICO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

3.- DATOS DA SUBVENCIÓN SOLICITADA

PROXECTO QUE SE VAI REALIZAR	
<input type="text"/>	
ÁMBITO DE REPERCUSIÓN TERRITORIAL DA REALIZACIÓN DO PROXECTO	
<input type="text"/>	
CANTIDADE SOLICITADA	CONTÍA DO PROXECTO
<input type="text"/>	<input type="text"/>

4.- DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

<input type="checkbox"/> Anexo I cuberto.	<input type="checkbox"/> Certificado de compromiso da achega da porcentaxe correspondente.
<input type="checkbox"/> Fotocopia do CIF ou NIF da entidade.	<input type="checkbox"/> Memoria das actividades culturais realizadas nos dous anos anteriores.
<input type="checkbox"/> DNI do representante e documentación acreditativa da representación.	<input type="checkbox"/> Memoria da traxectoria cultural da entidade.
<input type="checkbox"/> Declaración de axudas solicitadas ou concedidas. Anexo II cuberto.	<input type="checkbox"/> Documentación acreditativa da propiedade do local ou da súa cesión.
<input type="checkbox"/> Memoria do programa ou actividade cultural que se vai realizar.	

Quen abaixo asina DECLARA QUE: presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Cultura e Turismo para que, de acordo co establecido nos números 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a cantidade e a súa finalidade, no xeito que determine o órgano competente.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

LEXISLACION APLICABLE <i>-Orde do 14 de abril de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a asociacións, fundacións e entidades culturais sen ánimo de lucro para o equipamento e mellora dos seus locais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010, co cofinanciamento dos fondos Feder.</i> <i>-Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.</i> <i>-Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.</i> <i>-Lei 9/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2010.</i> <i>-Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.</i> E supletoriamente: <i>-Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.</i> <i>-Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.</i> <i>-Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.</i>
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA _____ _____ de _____ de 20____

(Para cubrir pola Administración)	
RECIBIDO <input type="text"/> REVISADO E CONFORME <input type="text"/>	NÚMERO DE EXPEDIENTE _____ DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____

ANEXO II

**DECLARACIÓN EXPRESA DE AXUDAS SOLICITADAS E CONCEDIDAS PARA AS MESMAS ACTUACIÓN
E DECLARACIÓN DE NON SE ACHAR INCURSA EN NINGUNHA DAS PROHIBICIÓN PARA OBTEN A CONDICIÓ
DE BENEFICIARIA DE AXUDAS**

D./Dona con DNI nº

en nome e representación da entidade

con NIF nº

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

- Non ter solicitado outras axudas públicas para o proxecto.
 Ter solicitado axudas e subvencións para este proxecto dos organismos que se relacionan a seguir:

AXUDAS CONCEDIDAS			
ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

AXUDAS SOLICITADAS			
ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Así mesmo, a entidade comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña para as mesmas actuacións doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

Así mesmo, o representante DECLARA que non se acha incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas nos puntos 2º e 3º do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

E, para que así conste, ante a Consellería de Cultura e Turismo, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados.

, de de 20

(Sinatura e selo da entidade)

ANEXO III

MEMORIA DO PROXECTO DE INVESTIMENTO

ENTIDADES CON LOCAL EN PROPIEDADADE

ENTIDADE

1.- CRITERIOS XERAIS

a) Nº de actividades realizadas nos anos anteriores

b) Repercusión territorial

Autonómica Comarcal Local

Nivel de autofinanciamento (só fondos propios) %

2.- CRITERIOS ESPECÍFICOS

A) PARA OBRAS DE MELLORAS E ACONDICIONAMENTO DO LOCAL.

a.1.) Necesidade das obras.

a.2.) Obras de mellora de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas.

a.3.) Viabilidade da realización das obras.

- Proxecto aprobado.

- Proxecto en execución (documentación que se xunta)

Contrato Certificación de obra

B) PARA INVESTIMENTO EN EQUIPAMENTO E MOBILIARIO.

b.1.) Fomento de novos usos do local.

b.2.) Finalidade do investimento.

- Equipamento relacionado coas artes escénicas.

- Equipamento relacionado co fomento da lectura.

- Equipamento relacionado coa promoción audiovisual.

- Equipamento xeral.

Lugar e data

, de de 20

(Sinatura e selo da entidade)

ANEXO IV

MEMORIA DO PROXECTO DE INVESTIMENTO

ENTIDADES CON LOCAL CEDIDO

ENTIDADE	
----------	--

Duración da cesión (anos)

1.- CRITERIOS XERAIS

a) Nº de actividades realizadas nos anos anteriores

b) Repercusión territorial

 Autonómica Comarcal Local

Nivel de autofinanciamento (só fondos propios)

%

2.- CRITERIOS ESPECÍFICOS

A) PARA INVESTIMENTO EN EQUIPAMENTO E MOBILIARIO.

a.1.) Fomento de novos usos do local.

a.2.) Finalidade do investimento.

- Equipamento relacionado coas artes escénicas.

- Equipamento relacionado co fomento da lectura.

- Equipamento relacionado coa promoción audiovisual.

- Equipamento xeral.

Lugar e data

,

de

de 20

(Sinatura e selo da entidade)